

tións propostas alomenos pola terceira parte dos membros. En todas as sesións ordinarias se incluíra un punto de Varios.

- d) Executa-los acordos adoptados. Estes acordos poderán ser levados, en forma de moción, ó Pleno da Corporación para a súa aprobación.

Artigo 8.—Integran o Pleno do Consello parroquial:

- a) O/a Presidente/a.
- b) Un/ha representante de cada grupo político con representación na Corporación Municipal, non precisando te-la condición de concelleiro/a.
- c) Os/as representantes das entidades actuantes na parroquia, segundo estableza o acordo plenario de creación do Consello parroquial, en número non inferior ó do apartado b), nin superior ó triplo.

Artigo 9.—Os/as representantes no Pleno das entidades actuantes nas parroquias, serán designados/as polas asociacións do seu sector de actuación mediante acreditación escrita e poderán ser substituídos/as cando o colectivo ou sector que os/as designou así o considere.

Artigo 10.—Os/as membros do Consello terán unha representatividade de catro anos, agás os representantes dos grupos políticos que deberán renovarse coa constitución dunha nova Corporación Municipal.

Artigo 11.—O Pleno do Consello reunirse en sesión ordinaria catro veces ó ano. Poderanse convocar sesións extraordinarias cando así o decida o/a Presidente/a ou a solicitude dun tercio dos/as membros do Consello.

As sesións serán convocadas con alomenos catro días hábiles de antelación, salvo as extraordinarias. A convocatoria irá acompañada da orde do día, e máis da acta da última sesión celebrada.

Artigo 12.—O Pleno constitúese válidamente coa asistencia da metade do número legal de membros do mesmo. No caso de falla de “quorum” necesario entenderase convocada, automaticamente a sesión media hora despois, sendo neste caso necesaria a presenza de alomenos un tercio do número legal de membros do Pleno.

Para a válida constitución do Pleno requírese a asistencia do/a Presidente/a, do/a Secretario/a, ou daquelas persoas que os substitúan.

Artigo 13.—Os acordos adoptaranse por maioría simple dos/as membros asistentes á sesión. No caso de que os acordos se leven, en forma de moción ó Pleno do Concello para a súa aprobación, serán defendidos polo membro do Consello Parroquial que este considere oportuno.

Artigo 14.—Poderán asistir á sesión, a instancias dalgún/ha compoñente, e previa autorización do pleno, técnicos/as, profesionais ou funcionarios/as requeridos/as en función da complexidade ou amplitude dalgún asunto incluído na orde do día, para expoñer opinións ou aclaracións.

Artigo 15.—Realizará as funcións de Secretario/a un/ha funcionario/a do Concello designado/a polo/a Alcalde/sa.

Artigo 16.—Son funcións do/a Secretario/a:

- a) Elabora-las Actas, dando fe coa súa sinatura e co visto e prace do/a Presidente/a.
- b) Custodia-la documentación.
- c) Expedir certificacións.
- d) Cantas outras lle sexan atribuídas polo Pleno do Consello.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

Son parroquias do Concello de Redondela, as seguintes:

- Cabeiro, Cedeira, Cesantes, Chapelá, Negros, O Viso, Quintela, Reboreda, Redondela, Saxamonde, Trasmañó, Ventosela, Vilar e Vila-vella.

DISPOSICIONS DERRADEIRAS

Este Regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P.

Redondela, 25 de maio do 2000.—O Alcalde, Xaime Rei Barreiro. 4469

A N U N C I O

O Concello Pleno, en sesión celebrada o 10 de maio do 2000, aprobou definitivamente a modificación do “Regulamento Orgánico do Concello de Redondela”, quedando éste do seguinte xeito:

Artigo 1.—O presente regulamento, dítase en virtude das atribucións que a lexislación en vigor, concede ás Entidades Locais, e ten por obxecto a regulamentación, organización e funcionamento dos órganos básicos e complementarios que no mesmo se establecen.

Artigo 2.—Os demais órganos colexiados do concello rexeráanse por este Regulamento en canto ao seu funcionamento e naquelas materias para as que non exista preceito específico que as regule.

CAPITULO I DOS GRUPOS POLITICOS

Artigo 3.—Poderanse formar tantos grupos políticos como candidaturas acadasen representación na Corporación. En ningún caso poderán constituir grupo separado os/as que pertencen á mesma can-

didatura electoral. Segundo o previsto por este regulamento poderá constituír o Grupo Mixto.

Artigo 4.—Todos/as concelleiros/as deberán estar adscritos/as a un, e sóio a un, grupo político.

Artigo 5.—Os concelleiros/as que non se integren en ningún grupo político, constituirán o Grupo Mixto.

Artigo 6.—A constitución dos grupos políticos comunicarase, mediante escrito dirixido ao alcalde/sa, dentro dos 5 días seguintes ao da sesión constitutiva da corporación, no que se fará constar o nome de todos/as os/as compoñentes do grupo, así como o nome do/a portavoz, e do/a seu/sua suplente, no seu caso no grupo mixto, si o houber, designarase tamén un/ha portavoz, que non impedirá a intervención de todos/as compoñentes na sesións plenarias.

Artigo 7.—O/a portavoz é o/a representante de cada grupo político a todos os efectos, e forma parte da Xunta de Portavoces.

Artigo 8.—A Xunta de Portavoces está formada polo/a Alcalde/sa e máis o/a portavoz de cada grupo político, incluso o/a representante do grupo mixto, si o houber.

Artigo 9.—A Xunta de Portavoces ocuparase da organización e do bo funcionamento dos órganos colectivos do concello, e propón ao/á alcalde/sa asuntos a incluír na orde do día dos plenos.

Artigo 10.—Os/as concelleiros/as non poderán, durante o seu mandato, integrarse noutro grupo político distinto de aquél no que se integraron inicialmente.

Artigo 11.—As/os concelleiras/os que adquiren a súa condición despois da sesión constitutiva da corporación, deberán incorporarse ao grupo político formado polas/os compoñentes da candidatura pola que foron elixidas/os, ou no seu caso ao Grupo Mixto.

Artigo 12.—Os grupos políticos poderán utilizar os locais do concello, para o desenvolvemento da súa actividade política.

Artigo 13.—O alcalde, consultada a Xunta de Portavoces, establecerá o réxime de utilización dos locais municipais polos grupos políticos, consonte coa representación de cada un deles.

Artigo 14.—Non se poderán celebrar xuntanzas dos grupos políticos, coincidindo coa celebración de Plenos da Corporación.

Artigo 15.—Os grupos políticos poderán solicitar ao/á alcalde/sa os informes dos servizos técnicos municipais, necesarios para a adopción de acordos polo Pleno da Corporación, ou sobre asuntos que dictaminen as Comisións informativas.

A solicitude de informe irá acompañada da explicación da posíbel proposta a tratar, ou do asunto afectado.

Os servizos técnicos proporcionarán os informes solicitados nun prazo máximo de dez días.

Artigo 16.—Os grupos políticos terán acceso a toda a documentación existente no concello desde o mesmo momento da entrada no Rexistro Municipal. Terán dereito a obtención de copia, sempre que sexa técnica e economicamente factíbel, unha vez formen parte dun expediente, e sempre que non afecten á honra de viciños/as ou funcionarios/as.

CAPITULO II DO PLENO

Artigo 17.—O Pleno está integrado por todos/as os/as concelleiros/as, e presidido polo/a alcalde/sa, e asume as competencias recollidas na lexislación vixente.

O Pleno celebrará sesión ordinaria unha vez ao mes, no día e hora que aquél acorde. Sin embargo o/a Presidente/a, por propia iniciativa, ou a proposta dun grupo político, escoitada a Xunta de Portavoces, poderá, por causa xustificada, convocalo para día distinto ao fixado, así como convocar outro ordinario no mesmo mes.

Artigo 18.—Na orde do día das sesións ordinarias figurará sempre un punto coa denominación:

Actividade de Control do Pleno. Neste punto incluíranse as preguntas, e mocións relativas ás competencias municipais, e as actuacións do goberno municipal, así como as solicitudes de comparecencia dos/as compoñentes do equipo de goberno, formuladas polos grupos políticos municipais.

Artigo 19.—As mocións e solicitudes de comparecencia de membros do goberno municipal, presentaránse no Rexistro Xeral do Concello alomenos catro días antes do da celebración do Pleno.

Artigo 20.—As preguntas terán resposta do equipo de goberno, e non darán lugar a debate nin acordo.

Nas mocións incluírase a proposta de acordo.

Nas solicitudes de comparecencia de concelleiras/os do equipo de goberno, farase constar o asunto no que se basea a solicitude. Tanto nas mocións, como nas solicitudes de comparecencia haberá dúas intervencións por parte de quen as presenta, e dúas respostas por parte do goberno municipal.

Artigo 21.—O Pleno celebrará sesión extraordinaria cando así o dispoña o Presidente, ou o solicite alomenos a quinta parte do número legal de membros da Corporación, ou dous grupos políticos. A sesión extraordinaria convocarase dentro dos 4 días seguintes ao da súa petición, e celebrarse antes de 15 días.

Nas sesións extraordinarias non poderán ser debatidos asuntos que non figuren incluídos na orde do día. Serán nulos os acordos que se adopten sobre asuntos non comprendidos na convocatoria.

Artigo 22.—As sesións plenarias convocaranse alomenos con dous días habeis de antelación, agás as extraordinarias urxentes, que se convocarán o antes posíbel, e serán ratificadas polo Pleno. En todos os casos todos/as os/as concelleiros/as recibirán a orde do día dos asuntos a tratar.

Artigo 23.—O público asistente ás sesións, so- mentes poderá intervir segundo o establecido no Regulamento de Participación Cidadá, e previa consulta a Xunta de Portavoces.

Artigo 24.—O/a secretario/a da Corporación terá a disposición de concelleiros e concelleiras os expedentes dos asuntos que se debaterán no Pleno, a partir do momento mesmo da convocatoria. Os grupos políticos, sempre que sexa técnicamente posíbel, poderán obter fotocópias dos documento, si ben os orixinais non poderán ser trasladados fora da Casa do Concello.

Artigo 25.—En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a Presidente/a da Corporación será substituído/a polos/as Tenentes de Alcalde por orde de nomeamento. As ausencias dos membros da corporación comunicaranse á alcaldía ou ao/a Secretario/a Xeral, para que poida facer-se constar na acta a excusa dos mesmos.

Artigo 26.—Os grupos políticos intervirán nas sesións plenarias a través do/a Portavoz, de cada un deles, ou o/a concelleiro/a que aquel/a designe. Do grupo mixto poderán intervir, repartindo o tempo, cada un/ha dos/as componentes.

Dos debates

Artigo 27.—Os concelleiros e concelleiras ubicaríanse na Sa de Sesións unidos ao seu grupo político.

Artigo 28.—Si existe debate, as intervencións serán ordeadas polo/a Presidente/a de acordo coas seguintes regras:

- a) So se poderá facer uso da palabra previa autorización da presidencia.
- b) O debate iníciase cunha exposición, xustificación ou lectura da proposta.
- c) De seguido e sobre o tema a debate, poderán facer uso da palabra os/as portavoces dos grupos políticos, por un tempo máximo de 5 minutos, tendo lugar a intervención por orde de menor a maior número de concelleiros/as de cada grupo. No caso de igualdade consideraráse maior ao que acadara maior número de votos nas eleccións.
- d) Unha vez rematado o turno de portavoces, serán contestados polo grupo que fixo a proposta inicial, ou polo representante do goberno municipal no seu caso, por un tempo máximo de 5 minutos.
- e) Os grupos políticos que intervirán no primeiro turno de intervencións, e sempre que haxa

contestación de quen fixo a proposta, poderán intervir por un tempo máximo de 3 minutos, seguindo o mesmo procedemento que no primeiro turno.

- f) Cando a complexidade dos asuntos a tratar así o requira, a Presidencia, dacordo coa Xunta de Portavoces establecerá o tempo dos turnos de intervención de xeito que permitan facer as exposicións necesarias para a boa comprensión do debate.

Artigo 29.—Cando nun debate se fagan alusións peiorativas persoais a algún/ha concelleiro/a, o/a aludido/a poderá intervir por un tempo máximo de 3 minutos, cando remate a intervención da persoa que fixo a alusión, e referíndose sempre ao contido da alusión.

Artigo 30.—Unha vez rematadas as intervencións dos/as portavoces, e antes de proceder á votación ou á realización da correspondente proposta, calquera dos/as portavoces poderá solicitar a suspensión da sesión, durante un tempo máximo de dez minutos, para aclarar ou negociar, en privado, o posicionamento na votación.

Cada portavoz poderá facer uso deste dereito unha soia vez por sesión. No caso de que o mesmo/a portavoz quixese facer uso deste dereito por segunda vez na mesma sesión, precisará do apoio da maioría simple do Pleno da Corporación á súa proposta.

Artigo 31.—Os/as concelleiros/as poderán, en calquer momento do debate, pedir a palabra para plantexar unha cuestión de orde, invocando ao efecto a norma en que basea a súa reclamación. O/a Alcalde/sa-Presidente/a resolverá o que proceda sin que dea lugar a establecer ningún debate.

Artigo 32.—Feita a proposta, e unha vez sometida aquela a votación, non se poden facer intervencións de ningún tipo, agás a do/a Presidente/a para ordear a votación.

Artigo 33.—Durante o debate, e sen consumir turno, o/a Presidente/a da Corporación, ou quen no seu defecto presida a sesión, poderá intervir cantas veces considere oportuno, pero sin ser portavoz do grupo político ao que pertence, e soamente para ordenación dos debates.

Artigo 34.—Os funcionarios/as responsabeis de Secretaría e Intervención, ou calquera outro/a que con tal fin estea presente na sesión plenaria, poderán intervir cando así llo requira o/a alcalde/sa, ou calquera concelleiro/a, co permiso do alcalde, para aclarar ou informar sobre algún asunto que precise de asesoramento técnico. Cando os/as devanditos/as funcionarios/as entendan que da aprobación da proposta a debate se poidera incurrir en ilegalidade, ou supor perxuízos económicos para o concello deberán por en coñecemento da Corporación.

Artigo 35.—O/a Alcalde/sa poderá chamar á orde a calquera membro da Corporación que:

- a) Profira palabras ou verta conceptos ofensivos ao decoro da Corporación ou dos/as seus/suas compoñentes, das institucións públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.
- b) Interrumpa ou altere a orde das sesións.
- c) Pretenda facer uso da palabra sin que lle fora concedido, ou cando xa lle fora retirado. Dispois de tres chamadas á orde na mesma sesión, avisando na segunda das consecuencias dunha terceira chamada á orde, o/a Presidente/a poderá ordenar-lle que abandone o local no que se está a celebrar a sesión, adoptando as medidas que considere oportunas para levar a cabo a expulsión.

Artigo 36.—Os acordos, agás nos supostos nos que a Lei exixa un quorum especial, adoptaranse por maioría simple dos/as presentes na sesión, entendéndose respecto dos/as compoñentes da Corporación que se ausenten dispois de escomenzada a deliberación, que se absteñen aos efectos da votación correspondente. A votación levarase a cabo erguendo unha man, a indicación do/a Presidente/a, pronunciándose en primeiro lugar os/as que voten en contra, en segundo lugar os que se absteñen, e en terceiro lugar os que voten a prol da proposta. O/a Alcalde/sa proclamará o resultado, e no caso de haber dúbidas no reconto dos votos, procederáse a repetir a votación.

Si algún grupo político propuxese o procedemento de voto nominal, farase si así o acorda o Pleno da Corporación por maioría simple, e a votación farase en voz alta, e por orde alfabética dos apelidos, dentro dos grupos políticos, e destes de mellor a maior número de compoñentes, escomenzando polo grupo mixto, si o houber, e rematando sempre o/a Presidente/a.

O voto secreto somentes se poderá utilizar para a elección ou destitución de persoas.

Artigo 37.—Unha vez rematada a votación poderás concederse un turno de explicación de voto, por un tempo máximo de dous minutos, aos/ás portavoces dos grupos políticos que votaran en sentido contráριο ao defendido nas súas intervencións.

Artigo 38.—Os grupos políticos poderán presentar antes de escomenzar a sesión ordinaria, e por escrito, propostas de acordos como mocións de urxencia, sobre asuntos que non figuren na orde do día.

Artigo 39.—Os/as concelleiros/as poderán formular, nas sesións ordinarias, e unha vez rematada a orde do día, rogos e preguntas, como actuacións que non orixinan debates nin acordos, pero sí obrigan a contestación polo/a Alcalde/sa-Presidente/a.

Os as presentados con 24 horas de antelación á da celebración da sesión plenaria deberaos contestar o/a Alcalde/sa Presidente/a na mesma sesión e verbalmente, ós/ás presentados/as por escrito inmediatamente antes de escomenzar a sesión, ou ben invoce na mesma sesión, poderáns contestar ben por escrito ou ben na seguinte sesión ordinaria a celebrar.

Artigo 40.—Rematado o debate e a votación dos asuntos comprendidos na orde do día, inclúese os rogos e preguntas, entrarase no coñecimento das mocións de urxencia, si as houber. O Pleno, unha vez que quen presenta a moción de urxencia faga unha explicación dos motivos e do acordo que se pretende, acordará, por maioría simple dos/as presentes, a urxencia da moción, entrándose no seu debate e votación. No caso de non acadar a maioría simple, o asunto incluírá-se na orde do día do primeiro pleno ordinario a celebrar.

CAPITULO III

DA COMISION DE GOVERNO

Artigo 41.—A Comisión de Goberno estará integrada polo/a Alcalde/sa Presidente/a, e como máximo por un tercio do número legal de concelleiros/as, nomeados e cesados libremente polo/a Alcalde/sa-Presidente/a, que dará conta ao Pleno.

Artigo 42.—Corresponderá a Comisión de Goberno o exercicio das seguintes competencias:

- a) A asistencia ao/á Alcalde/sa no exercicio da súas atribucións.
- b) Entender dos asuntos atribuídos á competencia do Pleno e delegados por éste, e dos que expresamente lle delegue o/a Alcalde/sa.

Artigo 43.—A Comisión de Goberno celebrará sesión ordinaria cada dúas semanas, no día e hora que aquela acorde, e convocarase cunha antelación mínima de 48 horas.

A Comisión de Goberno poderás celebrar sesión extraordinaria cando así a convoque o/a Alcalde/sa, por decisión propia, ou porque o solicite a terceira parte, alomenos, dos/as componentes da Comisión.

CAPITULO IV

DAS COMISIONS INFORMATIVAS

Artigo 44.—Consonte co establecido coa lexislación vixente, o Concello, no uso da súa potestade de auto-organización, crea como órgaos complementarios as Comisións Informativas que, a proposta do Alcalde/sa-Presidente/a, acorde o Pleno da Corporación.

Artigo 45.—O número de compoñentes das comisións será o que acorde o Pleno, a proposta do Alcalde/sa-Presidente/a, unha vez escoitada a Xunta de Portavoces.

Artigo 46.—As Comisións Informativas terán unha composición proporcional ao número de concelleiros/os de cada grupo político. Todos os grupos políticos da corporación teñen dereito a participar en todas as Comisións Informativas.

Artigo 47.—As Comisións Informativas son órganos de estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, así como dos asuntos competencia do Alcalde/sa ou da Comisión de Goberno dos que se interese dictame.

Artigo 48.—O/A Presidente/a nato/a de todas as Comisións Informativas é o/a Presidente/a da Corporación, que poderá designar Presidente/a a calquer concelleiro/a. Designarase tamén un/ha vicepresidente/a de cada Comisión, que substituirá ao/á Presidente/a nos casos de ausencia. A secretaria das comisións corresponde ao/á Secretario/a Xeral da Corporación que poderá delegar en calquer funcionario/a.

Artigo 49.—Todos/as os/as concelleiros/as, poderán asistir ás sesións das Comisións Informativas das que non formen parte con voz pero sin voto.

Artigo 50.—Os/as concelleiros/as que forman cada Comisión Informativa serán designados polo seu grupo político, mediante escrito asinado polo/a portavoz do grupo dirixido ao/á Alcalde/sa Presidente/a, quen fará a proposta ao Pleno da Corporación que aprobará a composición das comisións.

Cada grupo político poderá trocar aos/ás seus/suas representantes nas Comisións Informativas, utilizando o mesmo procedemento que para formar inicialmente as comisións.

No suposto de ausencia de algún/ha compoñente titular/es das Comisións Informativas, poderán ser substituídos por outro/a concelleiro/a do seu grupo político, agás o/a Presidente/a, dando conta ao/á Presidente/a.

Artigo 51.—Ningunha comisión poderá dictaminar sobre asuntos da competencia doutra. Sin embargo un mesmo asunto poderá ser dictaminado por máis dunha comisión, ou convocarse xuntanzas conxuntas de varias comisións que serán presididas polo/a Presidente/a da Corporación, ou por aquel/a dos presidentes/as que aquél designe.

Artigo 52.—Por decisión do/a Presidente/a da Corporación, ou ben por acordo plenario, poderán constituírse Comisións Especiais de carácter transitorio, para o estudo, informe ou consulta de asuntos concretos, que ficarán disoltas unha vez cumprida a función encomendada.

Artigo 53.—As Comisións Informativas celebrarán sesión ordinaria nos días e horas que as mesmas fixen por maioría simple. Convocarase sesións extraordinarias cando así o decida o/a Presidente/a, ou o solicite a terceira parte dos/as seus/uas compoñentes.

Artigo 54.—As convocatorias das sesións ordinarias faranse polo/a Presidente/a con alomenos 24 horas de antelación, notificándose no buzón de cada concelleiro/a titular da comisión. As extraordinarias comunicaranse tamén polo teléfono, ou directamente no domicilio dos/as concelleiros/as. Agás casos de urxencia acompañarase a cada convocatoria a correspondente orde do día.

Artigo 55.—Non se someterán a debate, e non haberá lugar a dictame, aqueles asuntos que non estean incluídos na orde do día, agás nas comisións ordinarias cando previamente foran declarados urxentes por decisión da maioría dos/as compoñentes da comisión, a proposta do/a Presidente/a, por iniciativa propia ou dalgún/ha concelleiro/a. Calquera asunto pode quedar sobre a mesa, si así o decide o/a Presidente/a, agás que a comisión por maioría decida o seu debate e votación, ou a proposta de algún/ha concelleiro/a, sempre que así o acorde a comisión.

Os/as compoñentes dunha comisión poderán propoñer a inclusión de asunto/s na orde do día, mediante a presentación de escrito catro días antes da celebración da Comisión.

Artigo 56.—As Comisións Informativas quedarán válidamente constituídas cando estea presente a terceira parte dos seus/uas concelleiros/as, e dos/as que os/as substitúan, mais nunca nun número inferior a tres.

Artigo 57.—Os dictames adoptaranse por maioría simple dos/as concelleiros/as asistentes, desfazendo os empates o/a Presidente/a co voto de calidade.

O/a concelleiro/a que disinta das decisións tomadas, poderá pedir que conste na acta o seu voto particular ou reserva do mesmo.

Artigo 58.—De cada xuntanza que celebren as Comisións farase a acta correspondente, na que constarán os nomes dos/as asistentes, asuntos tratados e dictames emitidos, así como un resumo das intervencións producidas. Entregarase copia de cada acta a cada grupo político.

Artigo 59.—Os/as componentes das Comisións Informativas poderán convidar ás xuntanzas a persoas especializadas nos asuntos a tratar, para poder contar co seu asesoramento.

CAPITULO V DA COMISION ESPECIAL DE CONTAS

Artigo 60.—A Comisión Especial de Contas, consonte co establecido na lexislación vixente, estará constituída polos/as concelleiros/as que designen os diferentes grupos políticos, respectando a proporcionalidade establecida para a constitución das Comisións Informativas.

O nomeamento farase polo/a Alcalde/sa-Presidente/a a proposta dos/as voceiros/as dos grupos políticos, dando conta ao Pleno da Corporación.

Artigo 61.—E competencia da Comisión Especial de Contas, o exame, estudo e informe, mediante a emisión do correspondente dictame, das seguintes contas anuais:

- a) Conta xeral do orzamento.
- b) Conta de administración do patrimonio.
- c) Conta de valores auxiliares e independentes.
- d) Conta dos organismos de xestión de carácter municipal.

CAPITULO VI DAS ACTAS

Artigo 62.—A acta é un documento público e solemne no que constan os acordos adoptados polo Pleno, e a Comisión de Goberno, e no seu caso os dictames e acordos das Comisións Informativas, e demais órganos complementarios.

Xunto coa convocatoria de cada sesión entregárase a cada grupo político acta da sesión anterior celebrada.

Artigo 63.—A acta conterá as especificacións que se establecen no art. 109 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Artigo 64.—O primeiro punto da orde do día dos órgaos colexiados será a lectura e aprobación, si procede, da acta anterior.

Artigo 65.—As actas de cada unha das sesións que se celebren serán autorizadas coas asinaturas do/a Presidente/a, e máis do/a secretario/a.

CAPITULO VII NORMALIZACION LINGÜÍSTICA

Artigo 66.—Toda a actividade lingüística do Concello farase ao abeiro do establecido na Ordeanza Reguladora do Uso do Galego de marzo do 98. Como principio xeral somentes se traducirán ao español os documentos que deban enviarse ou trasladarse fora de Galiza.

CAPITULO VIII DOS DEREITOS ECONOMICOS DOS/AS COMPOÑENTES DA CORPORACION

Artigo 67.—Os/as compoñentes da Corporación terán dereito a percibir as retribucións e indemnizacións que, ao abeiro da lexislación en vigor, fixe o Pleno da Corporación.

DISPOSICION DERRADEIRA

Unica.—O presente Regulamento, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da provincia.

Redondela, 25 de maio do 2000.—O Alcalde,
Xaime Rei Barreiro. 4468

Juzgados de Primera Instancia e Instrucción

E D I C T O

Cédula de notificación

En el procedimiento juicio ejecutivo 371/1998, a instancia de Banco Simeón, S.A., a instancia de la Procuradora D^a Alejandra Freire Riande, contra Lácteos La Fracha, S.L., se ha dictado resolución con fecha diecinueve de mayo de 2000, en la que se ha acordado a instancia de la parte actora, la mejora de embargo sobre las devoluciones que los demandados José Antonio Santos Santos y María Teresa Gómez Uranga fuesen beneficiarios con motivo de la declaración del impuesto de la renta de las personas físicas en período impositivo 1999.

Y como consecuencia del ignorado paradero de Juan Antonio Santos Santos y María Teresa Gómez Uranga, se extiende la presente para que sirva de cédula de notificación.

Pontevedra, a veintiséis de mayo de dos mil.—El Secretario, ilegible. 4519

* * *

E D I C T O

Doña María Concepción Albés Blanco, Secretario del Juzgado de Instrucción número 6 de Pontevedra.

Doy fe y testimonio: Que en el juicio de faltas nº 148/1997, se ha dictado la presente sentencia, que en su encabezamiento y parte dispositiva dice:

En Pontevedra, a treinta de septiembre de mil novecientos noventa y siete.—Vistos por el Ilmo. Sr. D. Indalecio Conde González, Magistrado-Juez titular del Juzgado de Instrucción número seis de esta ciudad, las presentes actuaciones de J. faltas número 148/97, seguidas por hurto en el que es parte el Ministerio Fiscal en representación de la acción pública.

Debo condenar y condeno a José Quintáns Morán, a Rafael Ruibal Castro y a Juan Manuel Monteagudo Durán como autores de la falta de hurto señalada, a la pena de multa de un mes, a razón de 200 pesetas día, para cada uno, imponiéndoles, por partes iguales, las costas.

Y para que conste y sirva de notificación de sentencia a Juan Manuel Monteagudo Durán, actualmente en paradero desconocido, y su publicación en el Boletín Oficial de la provincia de Pontevedra, expido la presente en Pontevedra, a treinta de mayo de dos mil.—La Secretaria, ilegible. 4490

* * *

tado a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, a fin de que durante o mesmo —que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da provincia—poda examinarse o expediente AM/38/03, na Secretaría deste Concello, sección de urbanismo, polas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O Porriño, 19 de setembro de 2003.—O Alcalde, Raúl Francés Rodríguez. 7488

* * *

BAIONA

Sometida la cuenta general del ejercicio 2002, a examen de la Comisión Especial de Cuentas el día 29 de septiembre de 2003, se expone al público por un plazo de 15 días hábiles, de conformidad con el artículo 193.3 de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, al objeto de que los interesados que lo estimen oportuno puedan presentar reclamaciones a la misma.

Baiona, a 30 de septiembre de 2003.—El Alcalde, Luis Carlos de la Peña Arizaga. 7476

* * *

PAZOS DE BORBÉN

A N U N C I O

De acordo co establecido no artigo 18.1 da Lei Orgánica 5/92, do 29 de outubro, faise pública a creación do ficheiro automatizado de titularidade pública deste Concello, que contén as seguintes características:

Denominación: Ficheiro “Usuarios Servicios Sociais”.

Finalidade: Almacenamento de datos de usuarios do Servizo Social de Atención Primaria do Concello.

Afectados. Poboación do Concello que acceda ós servizos sociais e/ou demanden e precisen intervención profesional.

Pazos de Borbén, 2 de setembro de 2003.—O Alcalde, ilexible. 7481

* * *

REDONDELA

A N U N C I O

O Concello Pleno, en sesión de data 14 de xullo de 2003, aprobou inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico Municipal. Sometido ó trámite de información mediante anuncio publicado no BOP nº 155 de data 18/8/03, e taboleiro de anuncios da Casa do Concello, non se formulou reclamación algunha, á vista do que, queda aprobada definitivamente a seguinte modificación:

“CAPÍTULO IX

Artigo 68.—Crear o Grupo de Goberno Municipal composto polo Alcalde-Presidente e tódolos concelleiros do Goberno. A súa función é de coordinación e a periodicidade das súas reunións dúas ó mes.”

Redondela, 23 de setembro de 2003.—O Alcalde, Xaime Rei Barreiro. 7427

A N U N C I O

Aprobado por resolución do Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente de data 24 de setembro de 2003 o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán no concurso, con procedemento aberto e trámite ordinario, para contrata-la execución das obras de “Alcantarillado en Costeira-Quintela, Redondela, 1ª fase (PSA-2002 número 70/290)”, anúnciase o seguinte concurso:

1) ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Concello de Redondela (Pontevedra).
- b) Dependencia: Urbanismo/Contratación.

2) OBXECTO DO CONTRATO

- a) Descrición: contratación das obras comprendidas no proxecto de “Alcantarillado en Costeira-Quintela, Redondela, 1ª fase (PSA-2002-nº 70/290)”.
- b) Lotes: non.
- c) Lugar de execución: Barrio de Costeira-Quintela, Redondela (Pontevedra).
- d) Prazo de execución: 4 meses.

3) TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a) Tramitación: ordinaria
- b) Procedemento: aberto.
- c) Forma: concurso.

TO DE SERVICIOS SOBRE A MESMA NO CONCELLO DE REDONDELA, cuxo contido acepta integramente, comprométese a prestar o dito servizo polo prezo de euros, I.V.E. incluído (en letra e en número) que se deglosa do seguinte xeito:

Lugar, data e sinatura.

VIXÉSIMA. DEREITO APLICÁBEL

No non previsto no presente prego estarase ao disposto na Ley 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1098/2001, do 12 de outubro, Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, R.D.L 781/86, do 18 de abril, de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o presente prego, que será lei de contrato entre as partes e demais lexislación que resulte de aplicación.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento de contratación serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsábel é o CONCELLO DE O PORRIÑO, con domicilio en O Porriño, Praza Antonio Palacios 1 36400 O Porriño, onde se poderán exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición. Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento de contratación. Así mesmo, os licitantes autorizan a comunicación dos seus datos persoais a entidades financeiras, Facenda Pública e diarios oficiais, así como a outros terceiros cando veña previsto especificamente nunha norma con rango de lei e a outras administracións públicas para o exercicio das súas respectivas competencias.

No caso de que os participantes no presente procedemento, facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, previamente á súa inclusión deberán informarlles aos seus titulares dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores, absténdose de incluílos no caso de non obteren o seu consentimento.

VIXÉSIMO SEGUNDA. XURISDICIÓN COMPETENTE

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polos órganos de contratación, cuxas resolucións esgotarán a vía administra-

tiva e abrirán a vía contencioso-administrativa, onde son competentes os tribunais da dita xurisdición do lugar onde ten a súa sede este Concello, con renuncia do adxudicatario-contratista a calquera outro foro que lle puidese corresponder.

O Porriño, a 21 de agosto de 2008.—O Alcalde, Pedro Pereira Fernández. 2008008672

* * *

REDONDELA

A N U N C I O

Aprobada definitivamente, por acordo do Pleno do Concello do 27 de agosto pasado, a **modificación do artigo 39 do Regulamento Orgánico Municipal**, faise público o seu contido para os efectos do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local:

“Artigo 39.—Os/as concelleiros/as poderán formular, nas sesións ordinarias, e unha vez rematada a orde do día, rogos e preguntas, como actuacións que non orixinan debates nin acordos, pero sí obrigan a contestación polo/a Alcalde/sa-Presidente/a.

Estes serán presentados no Rexistro Xeral con 24 horas de antelación á data de celebración da sesión plenaria, e deberaos contestar o/a Alcalde/sa-Presidente/a na mesma sesión e verbalmente.

Cada grupo político poderá presentar un máximo de 5 preguntas e 5 rogos por sesión.”

De conformidade co disposto no Artigo 46 da Lei da Xurisdicción Contencioso Administrativo, contra a presente modificación pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da presente publicación.-

Redondela, 29 de agosto de 2008.—O Alcalde Acctal., Xosé Carlos Pazos Docampo. 2008009026

* * *

VILAGARCÍA DE AROUSA

E D I C T O

Durante o prazo de dez días pódense presentar reclamacións en relación coa solicitude de don David Cabanelas Fernández para a instalación, apertura e funcionamento dun local para o exercicio da actividade de Café-Bar (Epígrafe 673.2: Outros cafes e bares), a emprazar na Avda. Berdón, 4 - A Torre.

Vilagarcía de Arousa, 25/08/2008.—A Alcaldesa-Presidenta, M^a Dolores García Giménez. 2008009041